

Galicia

Illas Atlánticas e Vilas Mariñeiras

6 rutas
únicas en
ferri-catamarán

galicia
o bo camiño

6 rutas para descubrir Galicia dende o mar



RÍA DE VIGO

6 h

Ruta 1



Un cruceiro con saída e regreso a Vigo ofrécenos a oportunidade de coñecer a que, segundo o prestixioso xornal británico *The Guardian*, é a praia máis bonita do mundo: a praia de Rodas nas Illas Cíes. A pureza das augas e a paisaxe virxe que rodea esta praia fana realmente única. Pero ademais durante o cruceiro gozaremos dunha impresionante panorámica das tres illas deste arquipélago. A singradura segue cara á vila de Baiona, a primeira en ter coñecemento do descubrimento de América, efeméride

que celebra cada ano na súa Festa da Arribada, declarada de Interese Turístico Internacional. Baiona é un dos mellores destinos de veraneo das Rías Baixas cun atractivo porto deportivo, o seu conxunto tradicional de casas mariñeiras e rúas cheas de encanto e unha impresionante fortaleza rodeada por unha muralla transitable de máis de tres quilómetros de longo. A bordo do cruceiro degustarás un delicioso aperitivo e unha apetitosa comida baseada nos produtos tradicionais desta ría.



SÁBADO / LUNS*

**Saídas os luns só do 4 de xullo ao 29 de agosto*

10:30 h Porto de saída: Vigo

10:30 - 11:15 h Cruceiro Vigo – Illas Cíes

11:15 - 12:30 h Escala para visita das Illas Cíes e da Praia de Rodas

12:30 h Cruceiro Illas Cíes – Baiona, con aperitivo a bordo gozando dunha panorámica da frontal das Cíes

13:15 h Chegada a Baiona

14:30 h Cruceiro Baiona – Vigo, con almorzo a bordo

16:30 h Porto de chegada: Vigo

Agora coñecer Galicia dende o mar é posible.

Seis rutas diferentes polas Rías Baixas que permiten gozar durante un día da sensación de paz e de beleza das illas galegas, das lendas das súas vilas mariñeiras e das súas paisaxes históricas.

A través deste novo programa coñecerás Galicia dun xeito diferente, aprendendo e descubrindo o mellor das súas rías: a súa xeografía, a súa gastronomía e a súa historia.

02

RÍA DE VIGO

6 h

Ruta 2



De Vigo a Vigo navegando polo interior da súa ría. Con esta ruta faremos unha viaxe pola historia, dende a enigmática batalla de Rande, que descubrirás na visita ao Centro de Interpretación de Meirande, un novo edificio de atrevido deseño dentro dunha antiga fábrica de salgadura, á revirada historia da Illa de San Simón. Polo

camiño iremos admirando o litoral da vila mariñeira de Arcade, famosa pola súa produción de ostras. Tamén descubrirás os segredos das paisaxes que inspiraron a Jules Verne e a influencia que tiveron na súa obra *20.000 leguas baixo dos mares*.



DOMINGOS

10:30 h Porto de saída: Vigo

10:30-11:15 h Cruceiro Vigo – Rande

11:15-12:30 h Visita ao Museo de Meirande

12:30 h Cruceiro Rande – Illa de San Simón, con aperitivo a bordo

13:15 h Visita á Illa de San Simón

14:45 h Cruceiro Illa de San Simón – Vigo, con almorzo a bordo, admirando un frontal panorámico da zona de Arcade

16:30 h Porto de chegada: Vigo

Cruceiros diarios ata o mes de outubro



RÍA DE PONTEVEDRA

6:15 h

Ruta 3



O cruceiro parte da vila máis cosmopolita das Rías Baixas, Sanxenxo, para dirixirse cara ao interior da ría ata a cidade de Pontevedra. A Boa Vila vai sorprenderte cunha zona vella das mellor conservadas de Galicia. Disporás de tempo libre para descubrir a igrexa da Virxe Peregrina,

padroeira da cidade, a Basílica de Santa María a Maior ou a encantadora Praza da Ferraría coa igrexa de San Francisco. Despois dun relaxante percorrido ao longo de toda a ría ímonos deleitar cunha fermosa panorámica da Illa de Ons dende o barco.



MARTES

- 10:00 h** Porto saída: Sanxenxo
- 10:00 - 10:45 h** Cruceiro Sanxenxo – Pontevedra
- 10:45 h** Escala en Pontevedra, para visita libre da cidade
- 13:30 h** Cruceiro Pontevedra – Illa de Ons, con aperitivo a bordo
- 14:30 h** Chegada ás Illas Ons para visita panorámica das illas
- 15:00 h** Cruceiro Illas Ons – Sanxenxo con almorzo a bordo
- 16:15 h** Porto de chegada: Sanxenxo

O cruceiro costeiro Illas Atlánticas e Vilas Mariñeiras ofrece un novo e relaxante xeito de descubrir a nosa comunidade a bordo dun cómodo ferri-catamarán.

Para que non perdas ningún detalle, acompañarache no teu percorrido un guía especializado que te axudará a entender a importancia do mar para esta terra, a interpretar a historia oculta tras as paisaxes e a facer desta experiencia unha viaxe inesquecible.

04

RÍA DE PONTEVEDRA

5:15 h

Ruta 4

Sanxenxo

Bueu

Combarro

Sanxenxo

Dende Sanxenxo cruzaremos á outra beira da Ría de Pontevedra ata a vila de Bueu. Aquí poderemos coñecer a historia da industria do mar e a explotación dos seus recursos durante a visita ao Museo Massó. De novo no barco, e mentres saboreamos un delicioso aperitivo a bordo, faremos unha navegación tranquila ata Combarro.

Esta aldea mariñeira é coñecida pola súa arquitectura típica e pintoresca con máis de 30 hórreos en primeira liña de mar e as casas construídas directamente sobre as rochas. Combarro simboliza a esencia de Galicia, campo e mar como forma de vida. De volta a Sanxenxo aproveitaremos para degustar un delicioso xantar.



MÉRCORES

11:00 h Porto saída: Sanxenxo

11:00 - 11:30 h Cruceiro Sanxenxo – Bueu

11:30 h Escala en Bueu, con visita ao Museo Massó

12:45 h Cruceiro Bueu – Combarro, con aperitivo a bordo

13:30 h Visita a Combarro

14:45 h Cruceiro Bueu – Sanxenxo con almorzo a bordo

16:15 h Porto de chegada: Sanxenxo

Acompáñanos nesta viaxe máxica



RÍA DE AROUSA


6:15 h

Ruta 5



Escollemos como porto de saída a illa máis exclusiva da costa galega, a Illa da Toxa, para navegar ata Cambados, a capital do viño albariño. En Cambados descubrirás a historia desta fermosa vila fidalga ademais dos segredos que fan do albariño unha xoia para o padal. Opcionalmente poderase visitar unha adega desta famosa Denominación de Orixe Vitivinícola.

Cruzaremos a ría cun aperitivo a bordo ata a vila de Ribeira para visitar un dos portos de baixura máis importantes do litoral español e a súa nova lonxa de pescado, puro deseño á beira do mar. O cruceiro rematará xantando de regreso á Illa da Toxa, non sen antes deleitarnos cunhas bonitas panorámicas da Illa de Sálvora.



XOVES

- 10:15 h** Porto saída: A Toxa (O Grove)
- 10:15 - 10:45 h** Cruceiro A Toxa – Cambados
- 10:45 - 11:15 h** Escala en Cambados e visita opcional a unha bodega D.O. Rías Baixas
- 11:15 h** Cruceiro Cambados – Ribeira, con aperitivo a bordo
- 13:45h** Visita a Ribeira
- 14:45 h** Cruceiro Ribeira – A Toxa, con almorzo a bordo e vista panorámica á Illa de Sálvora
- 16:30 h** Porto de chegada: A Toxa

Por só **70€** ao día descubrirás Galicia a golpe de timón e catarás os sabores do noso mar porque a viaxe inclúe aperitivo e almorzo a bordo.

Ven en xullo ou agosto e benefíciate dun **2x1**.

Infórmate e reserva a túa praza en:

www.nauticdestination.com

986 727 030

06

RÍA DE AROUSA

6:15 h

Ruta 6



Partindo da Illa da Toxa bordearemos o litoral cara ao interior da ría ata Vilanova de Arousa, vila literaria e berce de grandes escritores como son Valle Inclán e os irmáns Julio e Francisco Camba. Despois da visita, a navegación vainos achegar ás Torres de Oeste en Catoira, testemuñas

centenarias das invasións marítimas que chegaron do norte de Europa. Xa de regreso á Toxa, e mentres degustamos un delicioso xantar a bordo, pasaremos baixo a nova ponte do tren que cruza a ría de Arousa e abeiraremos a carón da Illa de Cortegada.



VENRES

- 10:15 h** Porto saída: A Toxa (O Grove)
- 10:15 - 11:15 h** Cruceiro A Toxa – Vilanova de Arousa
- 11:15 - 13:15 h** Escala e visita de Vilanova de Arousa
- 13:15 h** Cruceiro Vilanova de Arousa – Catoira, con aperitivo a bordo
- 14:15 h** Visita ás Torres Vikingas de Catoira
- 14:45 h** Cruceiro Vilanova de Arousa – A Toxa, con almorzo a bordo e vista panorámica á Illa de Cortegada
- 16:30 h** Porto de chegada: A Toxa

Máis información e reservas
www.nauticdestination.com
986 727 030

